

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 15 DE SETEMBRO DE 2022,  
BAIXO A PRESIDENCIA DE  
ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

### **DECRETOS**

#### **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES**

- Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

#### **CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE**

- Decreto polo que se regula o procedemento para a cualificación das empresas de inserción de Galicia e o seu rexistro administrativo.

#### **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Decreto polo que se declara de utilidade pública a reestruturación parcelaria da zona de Santiago de Moncelos (Abadín-Lugo).
- Decreto polo que se declara de utilidade pública a reestruturación parcelaria da zona de Santa María de Bemil (Caldas de Reis-Pontevedra).
- Decreto polo que se declara de utilidade pública a reestruturación parcelaria da zona de Santa María de Almoite (Baños de Molgas-Ourense).

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### ACORDOS

#### **VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto que ten por obxecto a contratación, suxeita a regulación harmonizada, do servizo de xestión do Centro Integrado de Atención ás Emerxencias 112 Galicia (CIAE 112 galicia), mediante procedemento aberto, adxudicación con base nunha pluralidade de criterios, tramitación ordinaria e licitación electrónica, polo importe de licitación de sete millóns oitocentos cincuenta e seis mil novecentos quince euros con trinta e dous céntimos (7.856.915,32 €), IVE incluído, e cun valor estimado de quince millóns cincocentos oitenta e tres mil novecentos sesenta e catro euros con vinte e oito céntimos (15.583.964,28 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do acordo de cooperación entre a Axencia Turismo de Galicia e o Concello de Betanzos para a posta á disposición dos terreos e execución da rehabilitación do Parque do Pasatempo no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, por importe total dun millón quiñentos mil euros (1.500.000 €).
- Acordo polo que se declara festa de interese turístico de Galicia a Festa da Pataca (Coristanco).

#### **CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Acordo polo que se aproba o trámite de información pública e o informe das administracións afectadas e definitivamente o proxecto de construción para a humanización da PO-323 no termo municipal de Vigo, primeira fase.

#### **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

- Acordo polo que se somete á consulta pública previa a elaboración do anteprojecto de Lei de ordenación do litoral de Galicia.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Freie Universität Berlin (Alemaña) para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de doce mil euros (12.000 €), así como a superación dos límites do artigo 62.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Uniwersytet Warszawski (Varsovia-Polonia) para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de sesenta e tres mil novecentos setenta e seis euros con trinta e dous céntimos (63.976,32 €), así como a superación dos límites do artigo 62.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Christian-Albrechts-Universität zu Kiel (Alemaña) para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de sesenta e tres mil novecentos setenta e seis euros con trinta e dous céntimos (63.976,32 €), así como a superación dos límites do artigo 62.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Universität Leipzig (Alemaña) para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de oitenta e oito mil douscentos vinte e cinco euros (88.225 €), así como a superación dos límites do artigo 62.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación da obra do novo centro de saúde de Moaña, cofinanciada nun 60 % polo programa operativo Feder Galicia 2021-2027, por un importe total de licitación de nove millóns trescentos corenta e tres mil novecentos sesenta e catro euros con sesenta e sete céntimos (9.343.964,67 €), cun 21 % de IVE e un valor estimado de sete millóns setecentos vinte e dous mil douscentos oitenta e catro euros con oitenta e cinco céntimos (7.722.284,85 €) sen IVE.
- Acordo polo que se autoriza a contratación do servizo de xestión, transporte, distribución e rastrexabilidade de lenzaría a distintos centros da Área Sanitaria da Coruña e Cee, pertencente ao Servizo Galego de Saúde, de dous millóns douscentos setenta e oito mil douscentos setenta e sete euros con oitenta e seis céntimos (2.278.277,86 €), IVE incluído, e un valor estimado de cinco millóns seiscentos corenta e oito mil seiscentos vinte e dous euros con setenta e nove céntimos (5.648.622,79 €), sen IVE.
- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva e por prezo unitario de reactivos de laboratorio para a realización de cultivo automatizado de bacterias aerobias, anaerobias e fungos en mostras de sangue ou noutros fluídos biolóxicos con destino ás áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde, por un importe total de licitación de dous millóns setecentos sesenta mil oitenta euros con oitenta e cinco céntimos (2.760.080,85 €) e un valor estimado de catro millóns cincocentos sesenta e dous mil cento dezasete euros con dez céntimos (4.562.117,10 €).

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social e Xuventude para adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual de conformidade co previsto no artigo 58.1.b) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na Orde pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de axudas correspondentes ao Programa de impulso de escolarización no primeiro ciclo de educación infantil con novas prazas de titularidade pública, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU (código de procedemento BS420E). Total: trinta e catro millóns oitocentos corenta e cinco mil corenta e dous euros (34.845.042 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun acordo de prórroga do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e a Fundación Camiña Social para levar a cabo unha intervención educativa integral con persoas menores que teñan que cumprir medidas xudiciais e outras actuacións en medio aberto previstas na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores na provincia da Coruña. Importe: cincocentos trinta e cinco mil douscentos nove euros (535.209 €).
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á contratación administrativa, suxeita á regulación harmonizada, da xestión do programa Mentor de inserción sociolaboral de mozos e mozas en risco social, que cofinanciará o Fondo Social Europeo no marco do programa FSE+Galicia 2021-2027 (expediente CPS-2022-0017). Importe da licitación: once millóns de euros (11.000.000 €). Valor estimado: trece millóns douscentos mil euros (13.200.000 €).

### INFORMES

#### VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

- Informe sobre o programa bonos Activa Comercio.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Informe sobre as axudas polos incendios forestais do mes de xullo.

### CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia do Acordo do 8 de agosto de 2022, da Dirección de Augas de Galicia, polo que se declara a contratación de emerxencia das actuacións extraordinarias para garantir o abastecemento aos núcleos de Folgoso, Mazo de Santigoso, A Campa, Vilar, Vidallón e Vilamor, en Folgoso do Courel (Lugo), cun importe de douscentos mil euros (200.000 €), IVE incluído.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **O CONSELLO DA XUNTA APROBA OS CURRÍCULOS DE PRIMARIA, SECUNDARIA E BACHARELATO CUNHA APOSTA POLO REFORZO DE COMPETENCIAS E A CALIDADE EDUCATIVA**

- Con este paso conclúe a tramitación administrativa dos decretos destas etapas, cuxos contidos -igual ca nos de infantil, que se aprobou a semana pasada-, son públicos desde hai cinco meses, cando a Consellería de Educación avanzou os textos para garantir a planificación e organización do curso escolar
- O Goberno galego cumpre cos prazos comprometidos de estaren listos no inicio do curso, pese ao atraso do Goberno central en publicar a parte estatal
- Cada un dos textos curriculares recolle os principios e fins de cada etapa, a estrutura académica dos cursos, a organización e estrutura curricular das materias, as programacións didácticas, o papel da titoría e os criterios de avaliación e promoción, entre outros
- Na etapa de primaria fortalécese a área lingüística e as competencias STEM
- En secundaria refórzase a área científico-matemática coa nova materia de Tecnoloxía e dixitalización
- En bacharelato establécese unha materia optativa potente enfocada a unha formación máis competencial e especializada

O Consello da Xunta acaba dar luz verde aos decretos polos que se establece a ordenación e os currículos da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato adaptados á LOMLOE, que serán publicados no *Diario Oficial de Galicia* nos vindeiros días.

Con este paso, o Goberno galego dá por rematados os trámites administrativos dos currículos de todas as etapas educativas -o de educación infantil xa foi aprobado a semana pasada-, cuxos textos xa eran coñecidos desde o pasado mes de abril, cando a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades os presentou publicamente co fin de garantir a organización e planificación deste curso e minimizar o impacto da tardanza do Goberno central en aprobar a parte estatal.

Ao longo dos diferentes artigos, títulos e disposicións en que se estrutura cada un dos currículos recóllense os ámbitos de aplicación, os principios e fins de cada etapa, a estrutura académica dos cursos, a organización e estrutura curricular das materias que se van cursar, as programacións didácticas, o papel da titoría e os criterios de avaliación e promoción, entre outros.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Nos textos dos decretos consolídanse todos os aspectos novidosos que xa foron dados a coñecer no seu día en canto ás novas materias e á súa distribución e carga horaria, enfocada ao reforzo das áreas lingüísticas, humanísticas, matemáticas e científicas. Exemplo disto é a introdución da Filosofía na ESO ou o reforzo de contidos humanistas en bacharelato, que non figuran nos textos estatais. Igualmente, incorpóranse as notas numéricas correspondentes a cada cualificación literal que fixa o ministerio. Todo isto enfocado a reforzar o modelo de éxito do sistema educativo galego sostido sobre os piares da calidade, da equidade e da igualdade de oportunidades.

### **Etapa de educación primaria**

A etapa de educación primaria está concibida con tres ciclos de dous cursos cada un que abranguen entre os 6 e os 12 anos, cunha carga e distribución horaria de cinco sesións lectivas que suman un total de 25 sesións semanais.

Desde o punto de vista académico, unha das principais novidades para esta etapa en Galicia, tal e como xa coñecen os centros desde o pasado abril, é o reforzo da área lingüística con dúas horas máis (unha en Lingua galega e literatura e outra en Lingua castelá e literatura) en 6º curso de primaria, ata acadar as 24 sesións no conxunto da etapa. Tamén se dá un impulso ás competencias tecnolóxicas cun bloque completo de contidos STEM (de matemáticas, ciencia, tecnoloxía e dixitalización) na materia de Ciencias naturais, desde unha perspectiva aplicada de coñecementos matemáticos a situacións na vida real.

Desde a perspectiva estrutural, a área de Educación artística preséntase desdoblada en dúas que son a de Educación plástica e visual por un lado, e a de Música e danza, por outro, cun currículo diferenciado e adaptado para cada unha delas.

O texto tamén recolle para a área de Educación en valores cívicos e éticos (6º curso de primaria) a identidade e o currículo propios e non como unha alternativa ao alumnado que curse Relixión.

Tamén se establece un currículo propio para a materia de Proxecto competencial de centro, que cursará o alumnado que non escolla Relixión, tanto en primaria como en secundaria. Nesta nova materia, os alumnos traballan competencias transversais a través do desenvolvemento dun proxecto desde a súa fase inicial de concepción e idea, as intermedias de planificación e deseño e a fase final de presentación e exposición. Todo desde unha perspectiva de colaboración, reforzo da autoestima, da autonomía e da responsabilidade.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Outra das novidades que se regulan por primeira vez é que se lles ofrece aos centros a posibilidade da agrupación de áreas de coñecemento, sempre mantendo os obxectivos, os criterios de avaliación e os contidos das áreas que conforman a agrupación.

### **Etapa de educación secundaria obrigatoria**

O currículo desta etapa ten en conta o tránsito desde primaria á hora de establecer a carga horaria de cada materia. Neste caso, refórzase a área matemático-científica cunha nova materia obrigatoria que é Tecnoloxía e dixitalización, en 1º e 2º curso da ESO. Igual ca en primaria, no deseño do currículo da ESO, a Consellería, atendendo aos criterios técnicos dos grupos de traballo, tivo en conta o tránsito entre as etapas e o mantemento da carga horaria. Precisamente, atendendo a esta transición, as dúas sesións de Lingua galega e literatura e Lingua castelá e literatura que ata o de agora se impartían en 1º da ESO trasládanse a 6º de primaria e, deste xeito, mantense a carga horaria total das áreas lingüísticas en todo o período de ensino obrigatorio.

Outra das novidades máis salientables é que, a maiores das establecidas no bloque estatal, en Galicia, os alumnos poderán cursar unha materia optativa autonómica cunha carga lectiva de tres sesións/semana para elixir entre Cultura clásica, Oratoria, Educación dixital e Segunda lingua estranxeira en 3º de ESO, e entre Cultura clásica, Oratoria e Filosofía en 4º curso. Así pois, a parte galega do currículo recolle e regula o currículo de Filosofía para secundaria que non figura na parte estatal.

Tamén se introducen catro sesións de libre disposición de centro (a razón de dúas en 1º curso e outras dúas en 2º) co fin de reforzar a autonomía dos centros para reforzar aquelas áreas que consideren necesario en cada caso.

Así mesmo, dáselle a posibilidade aos centros de agrupar materias en ámbitos competenciais para os tres primeiros cursos da etapa e, igual que ocorre en primaria, estes agrupamentos deberán incluír os obxectivos, os criterios de avaliación e os contidos das materias que os conforman, así como o horario asignado ao conxunto delas.

### **Etapa de bacharelato**

O currículo de bacharelato aborda a organización das materias desta etapa (comúns, específicas de modalidade e optativas) e a organización do bacharelato nas catro modalidades que fixa o marco xeral: a de Artes (dividida pola súa vez na vía de Artes plásticas, imaxe e deseño e na de Música e artes escénicas), a de Ciencias e tecnoloxía, a de Humanidades e ciencias sociais e a xeral.

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Atendendo á estrutura xeral, Galicia deseñou unha materia optativa de catro sesións/semana para escoller entre un amplo abano que abrangue temáticas vinculadas ás ciencias, ás tecnoloxías e ás humanidades e entre as cales cómpre destacar a de Xeografía, historia, arte e patrimonio de Galicia no 2º curso de bacharelato. O obxectivo desta optativa é xerar itinerarios formativos potentes na procura dunha formación máis competencial e especializada.

Así mesmo, en 1º de bacharelato refórzase a Educación física cunha sesión lectiva máis á semana ata un total de tres (ata o de agora eran dúas). E os centros dispoñen dunha sesión lectiva de libre disposición que, desde a súa autonomía, poden organizar de xeito que lles garantan unha debida atención educativa a eses alumnos.

Doutra banda, o decreto regula, por primeira vez, a posibilidade de cursar o bacharelato en tres anos académicos. Isto poderano facer aqueles alumnos que, ademais de bacharelato, cursen de xeito simultáneo ensinanzas profesionais de música ou de danza; ou ben que acrediten a consideración de deportista de alto nivel ou de alto rendemento; ou ben que requiran dunha atención educativa diferente á ordinaria por presentar algunha necesidade específica de apoio educativo.

Así mesmo, tamén se regula con claridade a posibilidade de obter o título de bacharelato desde outras ensinanzas, como é o caso de superar as materias comúns e ter o título de técnico en formación profesional, en artes plásticas e deseño ou que superasen ensinanzas profesionais de música ou de danza.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# A XUNTA AXILIZARÁ A INCORPORACIÓN DE PERSOAS EN EXCLUSIÓN SOCIAL A EMPRESAS DE INSERCIÓN PARA GARANTIR A SÚA EMPREGABILIDADE

- O Goberno galego promove un novo decreto para regular o procedemento de cualificación e o rexistro administrativo deste tipo de empresas
- Persoas valoradas polos servizos sociais e/ou perceptoras da Risga poderán incorporarse a estas sociedades que realicen actividades co fin social de integrar este colectivo e formalo no eido sociolaboral
- A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade ten en marcha o plan Emprega de discapacidade e exclusión social, dotado con 40 M€ para mellorar a empregabilidade e a formación destas galegas e galegos con dificultades de inserción laboral

O Consello da Xunta de Galicia aprobou o proxecto de decreto polo que se regulará o procedemento para a cualificación de empresas de inserción en Galicia e o seu rexistro administrativo. Para os efectos prácticos, este novo marco permitirá axilizar o acceso ao traballo das persoas en situación ou risco de exclusión social que, a través destas firmas, inician a súa transición cara á incorporación no mercado laboral ordinario.

As empresas de inserción (como pasan a denominarse no decreto, en detrimento de empresas de inserción laboral) son sociedades mercantís ou cooperativas, cualificadas polas comunidades autónomas para realizar unha actividade económica co obxecto social de integrar e formar persoas en situación de exclusión social no eido sociolaboral. O paso por elas permítelles iniciar o tránsito ao emprego ordinario, ben en empresas convencionais ou ben en proxectos de autoemprego.

Na actualidade existen en Galicia 14 empresas de inserción acreditadas en que traballan un total de 244 persoas.

O decreto establece os novos mecanismos de rexistro das empresas de inserción da Comunidade e os procedementos para a súa acreditación. Establece, ademais, vías de coordinación entre os servizos sociais públicos e o servizo de emprego de Galicia, co obxectivo de mellorar a incorporación das persoas a estas firmas.

As empresas de inserción, no novo marco normativo, deberán proporcionarlles formación específica ás persoas traballadoras con que formalizan o contrato, nunha

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

actividade profesional que lle outorgue competencias necesarias para o seu desenvolvemento profesional no futuro.

Con este proxecto de decreto, a Xunta de Galicia busca reforzar o impulso da transición entre a formación deste colectivo prioritario co obxecto de que poidan acceder ao mercado ordinario e acadar os proxectos vitais esperados. O itinerario de inserción será o marco de traballo en que as partes establecerán de mutuo acordo as actuacións necesarias para lograr unha plena participación social e laboral da persoa traballadora.

Tanto o proceso para a incorporación dunha persoa en exclusión social a unha empresa de inserción como a elaboración do itinerario pode partir dos servizos sociais comunitarios, do servizo galego de emprego ou da propia empresa de inserción.

Como novidade, en canto entre en vigor o novo decreto, este proceso será máis áxil porque outorgará validez ás valoracións da situación de exclusión realizadas polos servizos sociais nos seis meses anteriores á incorporación e considerará acreditada esta condición cando a persoa beneficiaria ou algún membro da unidade de convivencia perciban a renda de inclusión social de Galicia (Risga).

O decreto recollerá tamén, como novidade, un procedemento de cualificación das empresas de inserción en dúas fases, provisional e definitiva, o que permitirá reducir tempos de tramitación, facilitará a operatividade das entidades e permitirá contratar persoal sen existir inseguridade sobre se se obterá a cualificación final esperada.

Con este novo marco, o Goberno galego segue a incidir na promoción de traballos estables e de calidade para un colectivo prioritario nas políticas de emprego autonómicas. Trátase de impulsar a transición entre a formación de persoas en exclusión social e a súa incorporación efectiva ao mercado de traballo, co que se reforza a situación económica de familias vulnerables e mesmo a empregabilidade da mocidade.

Neste mesmo ámbito, a Xunta de Galicia ten en marcha en 2022 axudas destinadas á creación e ao mantemento de emprego en empresas de inserción laboral, cun investimento dun millón de euros, un 25 % máis ca o do ano pasado. Estas encaixan no plan Emprega de discapacidade e exclusión social a que a Consellería de Emprego e Igualdade está a destinar 40 millóns de euros co obxectivo de dar acceso preferente e apoios de maior interinidade nas numerosas convocatorias e ordes de axuda a que se poden acoller estas persoas, e con sete programas específicos para mellorar a formación e empregabilidade do colectivo.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DE GALICIA DECLARA TRES NOVAS ZONAS DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA NOS CONCELLOS DE BAÑOS DE MOLGAS, CALDAS DE REIS E ABADÍN QUE BENEFICIARÁN MÁIS DE 3.000 PROPIETARIOS**

- O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe os decretos que inician os procesos das zonas de Santa María de Almoite, Santa María de Bemil e Santiago de Moncelos, respectivamente, que reestruturarán unha superficie total dunhas 2.333 hectáreas
- A Xunta cumpre o compromiso adquirido de decretar novas concentracións parcelarias por cada proceso con títulos entregados, coa previsión de decretar outras 20 zonas máis este ano
- Desta forma, entre os anos 2021 e 2022 decretaranse 28 novas reestruturacións, que abarcan un total de 23.613 ha e 107.655 parcelas de 15.586 titulares
- As parcelarias son unha ferramenta fundamental para paliar o minifundismo presente na nosa Comunidade, desde o punto de vista da estrutura da propiedade

O Consello da Xunta aprobou na súa xuntanza semanal tres decretos da Consellería do Medio Rural polos que se declaran de utilidade pública as concentracións parcelarias de Santa María de Almoite (Baños de Molgas), Santa María de Bemil (Caldas de Reis) e Santiago de Moncelos (Abadín). Deste xeito, mediante a reestruturación global dunhas 2.333 hectáreas relativas a estes tres procesos, veranse beneficiados máis de 3.000 propietarios.

Así, trátase de tres novos decretos de concentración parcelaria que se declaran mediante a Lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia (Metaga), que busca aumentar a base territorial das explotacións e reducir considerablemente os seus custos de produción.

Neste senso cabe sinalar que os tres procesos foron solicitados por titulares de explotacións e apoiados polos respectivos concellos. No caso da parroquia de Baños de Molgas, hai un total de 21 explotacións; na de Caldas de Reis, son 62, e na de Abadín, 29, de aí a necesidade de reorganizar o territorio para mellorar as condicións estruturais, técnicas e económicas das explotacións agrarias da zona.

Ademais destes tres novos procesos, cabe lembrar que o ano pasado foron decretadas outras cinco parcelarias: a da zona de Arcos–Sobrada de Aguiar–San Lourenzo de Aguiar e a da zona de San Fiz de Paz, en Outeiro de Rei; a de San Xulián de Poulo, en Ordes; a da zona de San Xoán de Seoane de Pregación, en Friol; e a de Viladonga, en Castro de Rei.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Foron as primeiras decretadas desde a entrada en vigor da Lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia.

Precisamente, cabe sinalar que por cada proceso finalizado (con títulos de propiedade entregados aos veciños), a Xunta decretará unha nova zona de concentración parcelaria para loitar contra o abandono das terras, anticiparse aos incendios forestais e fixar poboación no medio rural que permita facer rendible a actividade produtiva co aumento da base territorial das explotacións. Neste senso, cabe sinalar que a Xunta prevé decretar este ano outros 20 procesos. Desta forma, entre os anos 2021 e 2022 decretaranse 28 novas reestruturacións, que abarcan un total de 23.613 ha e 107.655 parcelas de 15.586 titulares.

Cabe engadir que entre o ano 2020 e o que vai de 2022, a Xunta rematou un total de 22 concentracións parcelarias que abarcaron unha superficie total de case 16.000 hectáreas, diso beneficiáronse máis de 10.100 propietarios, que recibiron arredor de 23.300 títulos de propiedade.

### **Lei de recuperación**

As concentracións parcelarias son unha ferramenta fundamental para paliar o minifundismo presente na nosa comunidade, desde o punto de vista da estrutura da propiedade. De aí que se investisen nos distintos procesos de reestruturación máis de 118 millóns de euros desde o ano 2009. O orzamento previsto para este 2022 é de 12 millóns.

Por iso, a Xunta de Galicia seguirá impulsando estes procesos da man da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, que veu complementar e desenvolver o marco legal actual, para culminar un camiño iniciado pola Lei da mellora da estrutura territorial agraria de Galicia (Metaga). Así, na nova lei, apóstase ademais por mecanismos de mobilización voluntarios que permitan unha maior participación dos interesados na explotación das terras, como son os polígonos agroforestais, as agrupacións de xestión conxunta da terra, as aldeas modelo ou as permutas de especial interese agrario, entre outras. Desta forma estase a mellorar a estrutura territorial das explotacións agrogandeiras e forestais galegas e a favorecer a súa rendibilidade.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA DE GALICIA DESTINA PRETO DE 8 M€ Á XESTIÓN DO 112 GALICIA

- O Consello da Xunta de Galicia aprobou o proxecto do acordo polo que se autoriza a tramitación da contratación do servizo de xestión do Centro Integrado de Atención ás Emerxencias
- O contrato terá unha duración de 24 meses con posibilidade de ser prorrogado

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto do acordo polo que se autoriza a tramitación da contratación do servizo de xestión do Centro Integrado de Atención ás Emerxencias (CIAE) 112 Galicia por un importe de 7.856.915 euros. O contrato inclúe a xestión operativa durante as 24 horas e os 365 días do ano, así como o soporte tecnolóxico. O prazo de execución é de 24 meses, coa posibilidade de ser prorrogados.

Situado no concello pontevedrés da Estrada, o Centro Integrado de Atención ás Emerxencias 112 Galicia creouse en 2017 como parte da Axencia Galega de Emerxencias (Axega), co obxectivo de garantir unha xestión integrada das emerxencias.

Cómpre sinalar que, xunto co labor de atención telefónica, o 112 Galicia realiza actividades de divulgación a prol do uso responsable do número de emerxencias. Entre elas figuran as visitas ás súas instalacións, a coordinación na execución de simulacros con diferentes colectivos e a emisión de consellos preventivos para asegurar o benestar das persoas e dos bens, a través de publicacións na páxina web e nas redes sociais. Ademais, comunican a concorrencia de fenómenos adversos e activan plans de emerxencia e protección civil para xerar accións de autoprotección fronte aos riscos xerados.

No desenvolvemento do labor deste servizo de atención ás emerxencias ten especial relevancia o compoñente tecnolóxico, baseado na plataforma GEMMA. O centro dispón ademais doutras ferramentas e subsistemas que dan resposta a diferentes necesidades operativas e que funcionan de modo integrado.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### O CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA APROBA O ACORDO DE COOPERACIÓN CO CONCELLO DE BETANZOS PARA A DISPOSICIÓN DOS TERREOS E A EXECUCIÓN DA REHABILITACIÓN DO PARQUE DO PASATEMPO

- Mediante a sinatura deste acordo levarase a cabo o proxecto para potenciar o uso turístico deste BIC do Camiño de Santiago
- O proxecto conta cunha dotación de 1,5 millóns de euros para executar a restauración paisaxística de obras e infraestruturas, a recuperación de zonas húmidas degradadas, a iluminación eficiente e o desenvolvemento do sistema hídrico orixinal do parque
- Este proxecto enmárcase nos 12 BIC de titularidade pública galegos dentro do plan Xacobeo Next Generation polo cal se levan a cabo proxectos de mantemento e rehabilitación do patrimonio histórico galego e que ten como obxecto a posta en valor de bens de interese cultural no Camiño de Santiago

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace á sinatura do acordo de cooperación entre a Axencia Turismo de Galicia e o Concello de Betanzos para a posta á disposición dos terreos e a execución da rehabilitación do Parque do Pasatempo no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea por importe de 1,5 millóns de euros.

O Concello de Betanzos pon así á disposición do Goberno galego o Parque do Pasatempo, libres de cargas e gravames todos os terreos necesarios para a execución das obras, así como os correspondentes permisos e autorizacións necesarias para levala a cabo.

Este proxecto enmárcase nos 12 BIC de titularidade pública galegos dentro do plan Xacobeo Next Generation polo cal se levan a cabo proxectos de mantemento e rehabilitación do patrimonio histórico galego e que ten como obxecto a posta en valor de bens de interese cultural no Camiño de Santiago.

Mediante o investimento previsto levarase a cabo a restauración paisaxística de obras e infraestruturas, a recuperación de zonas húmidas degradadas e a restauración do hábitat, os plans de saneamento integral que inclúan a prevención de pragas, a iluminación eficiente do espazo do parque, o desenvolvemento do sistema hídrico orixinal do parque –apostando por fontes de enerxía renovable– e a dixitalización mediante novas ferramentas de promoción turística.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **Plan Xacobeo Next Generation**

A Xunta de Galicia ten posto en marcha o plan Xacobeo Next Generation, que conta cun investimento 39,2 M€ destinados a 12 bens de interese cultural (BIC) que contarán cunha axuda de 22,7 millóns de euros co obxectivo de rehabilitar e poñer en valor o patrimonio galego vinculado co Camiño de Santiago; 8,4 millóns de euros para accións de cohesión en destino co obxectivo de reforzar Galicia como destino seguro, e 8,1 millóns de euros para os plans de sustentabilidade turística en destino promovidos por entidades locais.

Os fondos europeos apostan por un modelo turístico sustentable e de calidade que coincide coa oferta galega de patrimonio, cultura, gastronomía e destinos non masificados ao aire libre e en contacto coa natureza. Un modelo que coincide co espírito de Camiño de Santiago e que Galicia pretende difundir coincidindo co Ano Santo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA DECLARA FESTA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA A FESTA DA PATACA DO CONCELLO DE CORISTANCO

- O Consello da Xunta aprobou o proxecto do acordo para a declaración de festa de interese turístico de Galicia unha vez aprobado polo Consello Galego de Turismo
- A Festa da Pataca celébrase anualmente o terceiro domingo de setembro, cuxas orixes se remontan ao ano 1980, nela únense patrimonio, tradición e gastronomía

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto do acordo polo que se declara festa de interese turístico de Galicia a Festa da Pataca do Concello de Coristanco, que se celebra anualmente cada terceiro domingo de setembro.

Unha vez examinada a solicitude presentada polo Concello e logo dos trámites preceptivos e a aprobación do Consello Galego de Turismo, emítese informe favorable onde se valora a creatividade e a innovación na celebración do evento, o nivel de dotación de infraestruturas e equipamentos para a celebración da festa e a recepción de visitantes, a afluencia de visitantes, a coordinación das entidades públicas e privadas involucradas na celebración e o adecuado coidado dos contornos urbanos, monumentais ou paisaxísticos onde se desenvolve.

A Festa da Pataca celébrase anualmente o terceiro domingo de setembro e as súas orixes remóntanse ao ano 1980, nela únense patrimonio, tradición e gastronomía. Trátase dunha manifestación cultural e social de enaltecemento do produto da pataca de Coristanco, froito nesas terras da dedicación ao traballo de agricultores e produtores.

Esta festividade ten a súa orixe na necesidade de dar a coñecer a calidade do produto gastronómico que atopa na terra de Coristanco un óptimo lugar para o seu cultivo, pola conxunción da climatoloxía húmida e temperada desta xunto coas condicións do seu solo. Foi unha das primeiras festas gastronómicas de Galicia e naceu nun momento de predominio do traballo agrícola e de cultura enraizada na vida rural.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **O CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA APROBA O PROXECTO DA PRIMEIRA FASE DE HUMANIZACIÓN DA AVENIDA DE GALICIA EN TEIS, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO AUTONÓMICO DE CASE 2,5 M€ NO CONCELLO DE VIGO**

- Autorízanse as expropiacións necesarias para executar esta actuación na estrada PO-323, que inclúe unha glorieta para mellorar o acceso á ETEA e a reformada intersección co centro de saúde
- Actuarase nun treito de 500 metros entre a intersección coa avenida da Mariña Española e o Instituto de Teis, no cal se ampliarán as beirarrúas e se mellorará a accesibilidade
- Procurarase a calma do tráfico e a mellora da mobilidade peonil nesta vía de acceso á cidade e de características moi urbanas
- A intervención incluírá a recolocación das marquesiñas, a instalación dunha varanda modular e a reposición do muro de peche existente, co fin de mellorar visualmente a integración da actuación na zona do Camiño Portugués
- Tras a análise das achegas recibidas, a nova zona de aparcadoiro situarase na parcela contigua ao IES de Teis e manteranse as prazas actuais na avenida de Galicia, que inicialmente se suprimían
- A Consellería de Infraestruturas licitará as obras no último trimestre deste ano, co obxectivo de comezalas na primavera de 2023
- A execución destas obras estará coordinada co desenvolvemento efectivo do Campus do Mar e completarase cunha segunda fase ata o límite municipal con Redondela, cuxo proxecto xa se está preparando para ser sometido á información pública neste outono

O Consello da Xunta acordou hoxe a aprobación do proxecto de construción das obras da primeira fase do proxecto de humanización da avenida de Galicia en Teis, no concello de Vigo.

O investimento que o Goberno galego destinará a esta actuación na estrada autonómica PO-323 será de arredor de 2,5 M€, no cal se inclúe o pagamento dos sete predios necesarios para a execución da intervención nesta estrada da Xunta, vía de entrada na cidade.

A aprobación definitiva deste proxecto por parte do Goberno galego comporta tamén a declaración de utilidade pública pola que se dispón a urxente ocupación dos terreos necesarios para executar esta nova intervención, que ten como obxectivo fomentar a

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

mobilidade sustentable na zona, coa adopción de medidas de alivio do tráfico rodado e a mellora dos itinerarios peonís existentes.

Máis concretamente, a actuación céntrase no treito comprendido entre o cruzamento da estrada autonómica coa avenida Mariña Española e o IES de Teis, que acada un treito duns 500 metros da estrada PO-323, no cal se definen as medidas de alivio do tráfico e de protección dos peóns nesta vía de características moi urbanas.

Esta primeira fase do proxecto de reforma deste treito da vía autonómica ten en conta puntos singulares como os cruzamentos coas vías que dan acceso ao centro de saúde e á ETEA. O deseño definido polo Departamento de Infraestruturas da Xunta busca, ademais, coordinar a súa execución co desenvolvemento efectivo do Campus do Mar na antiga ETEA.

Máis en detalle proxéctase a mellora e ampliación das beirarrúas en ambas as marxes do treito de actuación, de xeito que sexan máis continuas e accesibles, así como a execución dunha glorieta na intersección entre a avenida de Galicia (PO-323) e a avenida da Mariña Española, pola que se accede á ETEA-

A intervención incluírá a recolocación das marquesiñas, a instalación dunha varanda modular e a reposición do muro de peche existente, co fin de mellorar visualmente a integración da actuación na zona do Camiño Portugués.

Logo da análise das achegas recibidas, a nova zona de aparcadoiro situarase na parcela contigua ao IES de Teis, ao non ser viable a situación inicialmente prevista enfronte do centro de saúde, e manteranse as prazas de aparcamento actuais na avenida de Galicia, entre os números 104-120 e nos números 67-69, que inicialmente se suprimían.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade licitará as obras e convocará o levantamento das actas previas das expropiacións no último trimestre deste ano, co obxectivo de comezar os traballos na primavera de 2023. A actuación ten un prazo de execución de 12 meses.

A Xunta prevé finalizar a actuación cunha segunda fase que complete a mellora da estrada no termo municipal de Vigo, ata o límite municipal con Redondela, e cuxo proxecto xa se está preparando para ser sometido á información pública neste outono.

O Goberno galego continúa traballando no mantemento e na mellora da rede viaria autonómica co fin de reforzar a seguridade e a comodidade dos usuarios.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Plano de planta da actuación aprobado hoxe no Consello da Xunta:



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
comunicacion@xunta.gal  
www.xunta.gal

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# RUEDA ANUNCIA O IMPULSO DA PRIMEIRA LEI DE ORDENACIÓN DO LITORAL DE GALICIA CO OBXECTIVO DE ACADAR O AUTOGOBERNO PLENO SOBRE A SÚA COSTA

- Recalca que o Goberno galego pretende resolver deste xeito os problemas que está a causar a interpretación cada vez máis restritiva da Lei de costas imposta por parte do Estado, o que limita o exercicio das competencias exclusivas nesta materia
- “Ningúen coñece a costa galega mellor que os galegos”, destacou
- Os obxectivos son regular a franxa litoral desde Galicia partindo dunha perspectiva ambiental, social e económica, outorgarlles seguridade xurídica aos titulares de instalacións en dominio público e definir que actividades pode albergar cada tramo
- No anteproxecto regularanse os sistemas de planeamento, identificaranse as actividades estratéxicas na franxa litoral, xestionaranse as actividades permitidas, e definiranse os criterios para concesións e autorizacións ou posibles cambios de uso
- Un ditame do Consello Consultivo deste verán avala a capacidade da Xunta para poder legislar sobre cuestións relacionadas co exercicio das funcións que ten atribuídas no marco das súas competencias en materia de ordenación do litoral

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que a Xunta impulsará a redacción da que será a primeira Lei de ordenación do litoral de Galicia. Trátase, segundo explicou, dunha normativa que nace co obxectivo principal de buscar o autogoberno pleno e a ordenación da franxa costeira e de asumir o papel de xestión que lle corresponde no exercicio dunha das súas competencias exclusivas máis significativas e identitarias. “Tal e como avalou o Consello Consultivo temos plena capacidade para a xestión do noso litoral. Ninguén coñece a costa galega mellor que os propios galegos”, subliñou o titular do Executivo galego.

Fronte ás últimas medidas e reformas aprobadas polo Goberno central desde 2018, co fin de impoñer unha interpretación cada vez máis restritiva da Lei de costas, Rueda subliñou que a decisión avaliada hoxe polo Goberno galego quere dar certezas ás empresas e proxectos do litoral. Neste sentido, cómpre lembrar os cambios introducidos na duración das concesións no dominio público a través da Lei de cambio climático, ou a modificación neste verán do Regulamento de costas, que elimina na práctica a posibilidade de prórroga extraordinaria para as industrias do mar.

Igual que xa fan outras comunidades, Rueda explicou que o Goberno autonómico quere resolver cunha norma propia e adaptada á realidade galega os problemas que está a provocar esta situación desde o punto de vista da xestión da franxa litoral e do exercicio das políticas públicas autonómicas, xa que o criterio do Estado a este respecto “está a

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

poñer en risco proxectos estratéxicos para a nosa comunidade, industrias clave para Galicia e mesmo o modo de vida de moitos galegos e galegas”.

En consecuencia, os obxectivos que busca a Xunta coa futura lei son regular a franxa litoral desde unha tripla perspectiva ambiental, social e económica, achegando ademais para a súa elaboración o coñecemento e a experiencia de quen mellor coñece a costa galega.

Así mesmo, a normativa promóvese para outorgarlles seguridade xurídica aos titulares de instalacións xa existentes no dominio público marítimo-terrestre ou que queiran implantarse nela, e definir para tal fin que actividades e usos pode albergar cada zona da costa a través dunha planificación por tramos segundo as características de cada unha.

Con estes obxectivos de partida, o Consello da Xunta de Galicia acordou hoxe someter á consulta pública previa durante un mes a elaboración da Lei de ordenación do litoral de Galicia. Unha vez finalizado este trámite, que comezará o día 16 de setembro, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda abrirá unha rolda de contactos con todos os sectores afectados pola regulación costeira para tentar buscar o máximo consenso ao redor do futuro texto normativo.

En todo caso e tendo en conta que hoxe se deu o primeiro paso para a elaboración da futura norma, o anteproxecto deberá incluír entre os seus contidos a definición e concreción da franxa costeira sobre a que Galicia ten competencia exclusiva e regulará o sistema de planeamento do litoral, dun modo xerarquizado e diferenciado, tendo en conta que non todas as zonas se poden planificar de igual xeito.

Así mesmo e con respecto aos usos e ás posibilidades de ocupación da costa, identificaranse as actividades estratéxicas e prioritarias para Galicia nesta franxa co fin de ordenar o seu desenvolvemento con espazos adecuados e garantindo a protección do litoral; xestionaranse as actividades permitidas, definindo os criterios para outorgar novas concesións e autorizacións; e regularanse os posibles cambios de uso na zona de servidume de protección co fin de recuperar edificacións costeiras tradicionais de gran valor para Galicia como elementos claves da historia e da fisionomía do seu litoral.

Tamén, e co fin de avanzar na simplificación administrativa, a futura lei regulará un procedemento integrado para o exercicio de actividades na franxa litoral, que permita obter nun único trámite os diferentes permisos ou autorizacións que sexan necesarios.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **Aval do Consello Consultivo**

Este verán, un ditame do Consello Consultivo de Galicia avalou a capacidade da Xunta para poder legislar sobre cuestións relacionadas co exercicio das funcións que ten atribuídas no marco das súas competencias en materia de ordenación do litoral.

Ademais, a futura lei enmárcase na demanda trasladada en reiteradas ocasións e por diversas vías para que Galicia asuma, canto antes e como xa fixeron outras comunidades, as competencias plenas e efectivas sobre a xestión do dominio público marítimo-terrestre. De feito, o ano pasado, o Parlamento galego aprobou por unanimidade unha proposición non de lei en que reclamaba este traspaso, co que se completaría a transferencia das competencias costeiras iniciada no ano 1985.

Para tal fin, as consellerías de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e do Mar abriron este verán unha fronte común cos concellos galegos do litoral, representantes da cadea mar-industria e con outras entidades vencelladas á costa para reclamar o traspaso das competencias aínda pendentes e unir forzas ante a intención do ministerio de aprobar o chamado Plan da costa libre, un documento estratéxico co que aspira a liberar o dominio público marítimo-terrestre a través dunha retirada paulatina e controlada da presenza humana na costa de aquí ao ano 2045.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA DE GALICIA APROBA CATRO ACORDOS PARA REFORZAR A FORMACIÓN EN GALEGO EN UNIVERSIDADES DE ALEMAÑA E POLONIA

- O Consello dálle o visto e prace a unha achega de 230.000 € para dotar de auxiliares de lingua, literatura e cultura galegas distintas universidades europeas
- Con estas accións, o Goberno galego facilita que a lingua galega poida estudarse ata en 36 universidades de todo o mundo no seu compromiso por divulgar e promover o galego e tamén por facilitar a inserción laboral dos profesionais

O Consello da Xunta dálle luz verde á sinatura de catro convenios para apoiar a docencia, investigación e promoción da lingua, literatura e cultura galegas nos centros de estudos galegos localizados en universidades de Alemaña e Polonia, cun investimento global de 228.177 euros. Mantense así o compromiso do Goberno autonómico por promover a lingua galega fóra de Galicia e apoiar laboralmente os profesionais que se dediquen á docencia.

O importe destinarase á contratación dunha persoa lectora de lingua, literatura e cultura galegas que, como complemento práctico ao seu programa de formación, colaborará en darlle continuidade á ensinanza da lingua galega nos plans de estudos destas institucións académicas. Ademais, con cargo a estes convenios, poderán organizar actividades relacionadas coa docencia, investigación, promoción e difusión da lingua, literatura e cultura galegas, así como á adquisición do material bibliográfico, fonográfico, videográfico e informático necesario para realizar as accións previstas no acordo.

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades comprométese a colaborar con estas universidades prestando a orientación e o apoio pedagóxico e didáctico que demanden, así como o asesoramento técnico necesario, e mais levando a cabo a convocatoria pública para a cobertura das prazas dos lectorados.

Desta volta, grazas aos catro convenios que se van asinar, fomentarase o estudo do galego nas universidades alemás de Freie Universität Berlin, Christian-Albrecht Universität zu Kiel e Universität Leipzig, así como na polaca Uniwersytet Warszawski. Estes convenios súmanse aos asinados con outros centros como a Universitat d'Alacant, Universidad de Salamanca, Universitat Autònoma de Barcelona e Universidad de Extremadura. No exterior, a colaboración formalízase coa Universidade do Minho, de Portugal, coa Ruprecht-Karls-Universität Heidelberg, de Alemaña; coa Università degli

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Studi di Perugia, de Italia; coa University of Wales, Bangor, do Reino Unido, e coa Sveučilište u Zadru, de Croacia, que se autorizaron o pasado mes de xullo.

### **Actividades complementarias**

Estas accións enmárcanse no compromiso da Xunta de Galicia por difundir a lingua e a literatura galegas no mundo a través de diferentes convenios para fomentar a docencia en galego. O Goberno galego está a facilitar que no día de hoxe a lingua galega poida estudarse ata en 36 universidades (nove nacionais e 27 internacionais). Dentro delas, 27 contan con lectores –profesores auxiliares que ensinan a lingua en determinados centros de ensinanza–, asentados en departamentos coñecidos como centros de estudos galegos, que imparten materias de Lingua galega adaptadas ás necesidades do alumnado de cada universidade (gramática histórica, cursos de conversa, cursos de lingua e civilización etc.). Así mesmo, numerosas actividades relacionadas coa lingua galega e, en xeral, co patrimonio de Galicia complementan os programas formativos.

Deste xeito, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades promove unha oportunidade para que os profesionais da docencia se incorporen aos centros de estudos galegos e se poidan situar nunha mellor posición de cara a unha futura inserción laboral. O programa de formación complétase con actividades teórico-prácticas deseñadas en exclusiva para o colectivo de lectores de lingua e, con base nos convenios subscritos, facilítase a posibilidade de realizar ou de completar estudos de posgraou nas universidades de destino.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# A XUNTA AUTORIZA A CONTRATACIÓN POR 9,3 MILLÓNS DE EUROS DA CONSTRUCCIÓN DO NOVO CENTRO DE SAÚDE DE MOAÑA

- O Goberno galego dá paso á licitación desta nova e importante dotación para o municipio cun prazo de execución de 18 meses
- Trátase da segunda obra de nova construción derivada do Plan de infraestruturas sanitarias de atención primaria
- A nova infraestrutura substituirá o centro de saúde da Casa do Mar e contará con máis de 3.500 m<sup>2</sup>, o que duplica a superficie do actual

A Xunta de Galicia autorizou hoxe na reunión do Consello iniciar a tramitación do expediente de contratación do novo centro de saúde do Concello de Moaña. Semanas despois da aprobación do acordo polo que o Goberno galego aceptaba a cesión do terreo de 2.067 m<sup>2</sup> propiedade do Concello de Moaña, e cumprido o período de exposición pública deste acordo, a Xunta procederá á licitación, por un importe de 9,3 millóns e un prazo de execución de 18 meses, do contrato de obra desta nova e necesaria infraestrutura sanitaria para o municipio.

Tras o acordo de hoxe, o Servizo Galego de Saúde procederá á aprobación do expediente de contratación e de gasto, ao cal seguirá a licitación do contrato, a valoración das ofertas e a adxudicación das obras, pasos previos á execución do novo centro de saúde.

### **Actuacións excepcionais do Sergas ante a necesidade da dotación**

Dada a importancia desta actuación e de xeito excepcional, aínda sen ter transferida a parcela, o Sergas licitou en decembro de 2020 a redacción do proxecto básico e as prestacións opcionais de redacción do proxecto de execución e da dirección de obra do novo centro de saúde.

Aínda á espera da cesión da parcela, en xaneiro de 2022, a Xunta encargou a elaboración do proxecto de execución do centro, xa supervisado e aprobado polos servizos de obras do Sergas. Así, unha vez aceptada a parcela cedida polo Concello o pasado agosto, a Xunta estaba en disposición de licitar a obra pero os termos do acordo plenario municipal obrigaban a agardar a un proceso de exposición pública de 20 días.

Agora, cumprido xa o compromiso de cesión de terreos adquirido polo Concello no convenio asinado en febreiro de 2020, a Xunta asume o de edificar, sobre o terreo cedido, un novo centro de saúde para Moaña tomando como base o documento do Plan

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de necesidades sanitarias para Cangas e Moaña, presentado en xuño de 2018 e que proxectaba dúas novas infraestruturas: un centro integral de saúde para Cangas, na zona da Rúa (que unificaría a atención ás urxencias dos dous concellos nunha zona accesible para ambos), e un novo centro de saúde en Moaña, na parroquia de Sisalde.

### **Incremento considerable de superficie e espazos**

Este novo centro de saúde substituirá o actual, situado na Casa do Mar, e contará con máis de 3.500 m<sup>2</sup>, o que duplica a superficie do actual. O centro proxectado incrementa de xeito considerable o número de espazos respecto do actual. En total, segundo o Plan funcional, contará con oito consultas de medicina, seis de enfermaría, unha de matrona, sala de toma de mostras, sala de técnicas, seis salas polivalentes, dúas consultas de pediatría, dúas salas de enfermaría pediátrica e dúas salas polivalentes de pediatría. Tamén contará cun despacho de coordinación, unha sala de educación sanitaria e áreas bucodental, de fisioterapia, así como un despacho para o traballador social e unha sala de telemedicina e ecografías.

Tal e como se comprometera a Xunta co Concello de Moaña, as salas polivalentes situadas na planta baixa poderán ser usadas como punto de atención continuada namentres non se poña en marcha o PAC unificado previsto no futuro centro integral de saúde do Morrazo, do que aínda se segue á espera de cesión de parcela por parte do Concello de Cangas.

A construción desta nova dotación en Moaña, xunto coas tres prazas en propiedade que se cubrirán no centro grazas á convocatoria de prazas de facultativo especialista en atención primaria aberta pola Xunta este ano, permitirán dar unha mellor resposta aos problemas de saúde da poboación con actuacións que permiten mellorar as infraestruturas e dotacións dedicadas á atención asistencial da cidadanía no concello.

### **Cumprimento do Plan de infraestruturas sanitarias de atención primaria**

A construción deste novo centro de saúde en Moaña inclúese dentro do Plan de infraestruturas sanitarias de atención primaria da Xunta que aprobou o Consello en outubro de 2021 e que centra as prioridades a curto e medio prazo da cobertura sanitaria á poboación galega, priorizando tamén os investimentos e axilizando os trámites.

Concretamente, o novo centro de saúde de Moaña inclúese na fase 0 deste plan de infraestruturas, dentro da que xa se licitaron a obra do CIS Olimpia Valencia de Vigo e os proxectos do Centro Integral de Saúde de Ourense, dos centros de saúde de Abegondo, Antas de Ulla, A Rúa e Vilagarcía de Arousa, así como da reforma do centro de saúde compostelán de Conxo. Por outra banda, asinouose o convenio co Concello da Coruña que

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

encomenda á Administración local a licitación do proxecto de construción dun novo inmoble en que situar o centro de saúde de Santa Lucía.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA APROBA A CONTRATACIÓN DA XESTIÓN, DO TRANSPORTE E DISTRIBUCIÓN DA ROUPA E DO VESTIARIO AOS CENTROS DA ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE**

- O Consello da Xunta autorizou hoxe a contratación deste servizo durante os vindeiros dous anos e por un importe de 2.278.277 euros
- O contrato inclúe a distribución de roupa limpa aos distintos puntos de entrega situados nos centros desta área sanitaria.

O Consello da Xunta autorizou hoxe a contratación do servizo de xestión, transporte e rastrexabilidade do servizo de lenzaría -que inclúe a roupa de pacientes, persoal sanitario e non sanitario, así como a de uso hospitalario- dos distintos centros da área sanitaria da Coruña e Cee. O contrato incluírá a repartición de roupa limpa aos servizos de lavandaría nos distintos puntos de entrega situados nos centros desta área.

Esta contratación, que ten unha duración de dous anos -ata o vindeiro 2024- ascende a 2.278.277 euros e ten un valor estimado de 5.648.622 euros.

Os servizos de lenzaría dos centros sanitarios inclúen tamén os de lavandaría e constitúen un servizo esencial e de apoio directo aos centros sanitarios, ao seu persoal e aos pacientes.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA DE GALICIA CENTRALIZA A COMPRA DE REACTIVOS PARA O CULTIVO DE BACTERIAS E FUNGOS EN TODO O SERGAS

- Os reactivos, que permiten realizar hemocultivos que se utilizan para detectar infeccións no sangue, adquiriranse para todas as áreas sanitarias e durante os vindeiros tres anos
- O investimento desta compra centralizada ascende a 2,7 millóns de euros

O Consello da Xunta autorizou hoxe a primeira compra centralizada da subministración reactivos de laboratorio para a realización de cultivos automatizados de bacterias aerobias, anaerobias e fungos en mostras de sangue e noutros fluídos biolóxicos. Esta contratación, por prezo unitario e con destino ás distintas áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde, ascende a 2.760.080 euros, e prolongarase durante os vindeiros 3 anos.

A compra aprobada hoxe enmárcase dentro da política de centralización dos contratos de material sanitario que a Xunta ten posto en marcha nos últimos anos para acadar importantes aforros e evitar variacións significativas nos prezos dos materiais.

Os reactivos permiten realizar hemocultivos que se utilizan para detectar infeccións por bacterias ou por fungos no sangue, identificar os microorganismos presentes e permite realizar un tratamento adecuado. Os hemocultivos son de gran utilidade para detectar unha infección no sangue –septicemia– que podería conducir a unha sepse ou unha complicación moi grave que pon en perigo a vida do paciente.

O obxecto desta contratación, cuxo procedemento de contratación é aberto, é asegurar a subministración deste material sanitario ás distintas áreas, garantíndolles unha mellor asistencia sanitaria aos usuarios que o requiran.

#### **Política de centralización de contratos**

Este contrato enmárcase na política de centralización dos contratos de material sanitario que a Xunta ten posto en marcha nos últimos anos con importantes aforros. Así, o pasado mes de xuño aprobouse a licitación para a subministración sucesiva de suturas manuais e cola de tecidos non absorbible, no período comprendido entre o 2022 e o 2025, por un importe total de 7.289.227 euros.

Tamén, entre os expedientes licitados por primeira vez nestes últimos anos polo Servizo Galego de Saúde mediante compra centralizada, está a subministración sucesiva de tubos endotraqueais e cánulas de traqueotomía, adxudicado por un importe de 1.839.709,81 euros, con IVE, cun aforro do 18,66 % sobre a licitación; a subministración sucesiva de sistemas monitorización de glicosa, adxudicado por un importe de

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

834.291,08 euros, con IVE, cun aforro do 4,20 % sobre a licitación; e a subministración sucesiva de equipamentos de cobertura cirúrxica cun importe de adjudicación de 2.961.134,41 euros, con IVE, cun aforro sobre a licitación do 8,59 %.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)





## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA APROBA UNHA ORDE CON 34,8 MILLÓNS DE EUROS PARA FINANCIAR A CREACIÓN DE PRAZAS EN ESCOLAS INFANTÍS EN COLABORACIÓN COS CONCELLOS**

- Resaltou que permitirá crear ata 3.400 novas prazas, isto é, un 11 % máis das que existen na actualidade
- Subliñou que Galicia “xa ten unha posición pioneira” neste ámbito ao ser a primeira comunidade en aplicar a gratuidade en todas as escolas infantís
- A xustificación da subvención pode realizarse coa construción de novas escolas infantís, coa ampliación das xa existentes ou coa rehabilitación de inmobles que non están a ser de utilidade e que lle poden dar unha nova vida.

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou que o Consello aprobou hoxe unha orde para crear en colaboración cos concellos máis de 3.400 novas prazas en escolas infantís, un 11 % máis das que existen actualmente. Destinaranse 34,8 millóns de euros nesta medida que procura impulsar o número de prazas no primeiro ciclo de educación infantil, onde Galicia é comunidade referencia en España. “Galicia xa ten unha posición pioneira neste ámbito ao ser a primeira comunidade en proporcionar a gratuidade en todas as escolas infantís, independentemente da súa titularidade e para todas as familias”, sinalou.

O titular do Goberno galego explicou, tras a reunión semanal do Executivo autonómico, que a nova liña de axudas dirixida ás administracións locais financiará as prazas creadas desde o 1 de xaneiro de 2021 e ata o 15 de setembro de 2024. Polo tanto, aqueles concellos que desde comezos do ano pasado xa crearan novas prazas e o xustifiquen, poden recibir financiamento. “A xustificación da subvención pode realizarse coa construción de novas escolas infantís, coa ampliación das xa existentes ou coa rehabilitación de inmobles que non están a ser de utilidade e aos cales lles poden dar unha nova vida”, indicou Rueda.

Unha nova medida que ratifica a aposta da Xunta pola conciliación e por darlles máis facilidades ás familias. Neste sentido, Rueda lembrou que Galicia é a primeira comunidade de España en implantar a educación infantil gratuítas para todos os fillos e en todas as escolas nunha xornada de oito horas, “o que supón un recurso de conciliación fundamental”. Unha medida que permitirá aforrar entre 1.500 € e 2.000 € anuais por neno a 30.000 familias e na que o Goberno galego destinará 50 millóns de euros.

Por último, o titular da Xunta quixo destacar a confianza que as familias galegas teñen na rede de escolas infantís da Comunidade xa que, na actualidade, a taxa de

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

matriculación no primeiro ciclo de Educación Infantil -a etapa que abrangue dos 0 aos 3 anos e que na que a escolarización é voluntaria- é do 50,5%. "Trátase dunha das taxas máis elevadas de España e probablemente de Europa", salientou.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DE GALICIA DESTINA PRETO DE 600.000 EUROS PARA PRORROGAR O CONVENIO COA FUNDACIÓN CAMIÑA SOCIAL**

Dáse continuidade á intervención educativa integral con menores que teñen que cumprir medidas xudiciais en réxime aberto que esta entidade leva a cabo no Ciema da Coruña

O Consello da Xunta acordou hoxe prorrogar por un ano máis o convenio coa Fundación Camiña Social, encargada de xestionar o Centro de Intervención Educativa en Medio Aberto (Ciema) da provincia da Coruña. Destínanse preto de 600.000 euros a dar continuidade á intervención educativa integral que esta entidade leva a cabo con persoas menores que teñen que cumprir medidas xudiciais sen privación de liberdade e que están baixo a responsabilidade da Administración autonómica.

Este acordo de colaboración asinouse por primeira vez en outubro de 2020. Con esta ampliación, a súa vixencia esténdese desde o 1 de outubro de 2022 ata o 30 de setembro de 2023.

As actuacións que se realizan con estes menores que cometeron feitos delituosos están orientadas cara a súa reeducación, para o cal se teñen en conta as súas circunstancias persoais, familiares e sociais. O obxectivo é a súa reinserción e socialización.

O ano pasado, o número de menores obxecto de intervención no Ciema da Coruña foi de 302, 217 homes e 85 mulleres.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DE GALICIA APROBA A TRAMITACIÓN DUN NOVO CONTRATO PARA A XESTIÓN DO PROGRAMA MENTOR, QUE FAVORECE A AUTONOMÍA DOS MOZOS TUTELADOS**

- Esta iniciativa leva preto de 25 anos promovendo a inserción laboral de rapazas e rapaces maiores de 16 anos que están no sistema de protección da Administración autonómica
- En 2021 este programa traballou con máis de 630 mozos
- O novo contrato, contando con posibles prórrogas e a modificación, pode ascender a 19,8 millóns de euros

O Consello da Xunta aprobou a tramitación dun novo contrato para a xestión do programa Mentor, que leva preto de 25 anos promovendo a autonomía de mozos e mozas tuteladas pola Administración autonómica. En 2021 este programa traballou con máis de 630 rapazas e rapaces.

O novo contrato, que sairá á licitación pública, estará vixente inicialmente ata o 31 de decembro de 2025, pero poderá prorrogarse ata xullo de 2028. Deste xeito, contando con posibles prórrogas e modificacións, o valor podería ascender a 19,8 millóns de euros.

O programa Mentor traballa de maneira transversal coas mozas e mozos tutelados. A través del establécense plans de vida independentes para garantir a estabilidade que precisan, realízase un acompañamento nos primeiros pasos e un seguimento da súa situación, impúlsanse a formación e o acceso ao mercado laboral e achéganselles os recursos e as estratexias necesarias para que a súa independencia se manteña no tempo.

En Galicia hai máis de 2.500 rapaces no sistema de protección, sexa nun centro ou nunha familia acolledora, figura que na nosa comunidade é prioritaria. No momento que a Administración autonómica exerce a súa garda ou tutela, trabállase para achegarlle todo o necesario.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA SALIENTA QUE OS BONOS ACTIVA COMERCIO DA XUNTA MOBILIZARÁN MÁIS DE 17 M€ E IMPULSARÁN AS COMPRAS NOS ESTABLECEMENTOS DE PROXIMIDADE**

- Enmarca a iniciativa, á que se destinarán 5 millóns de euros, dentro da aposta da Xunta por dinamizar o comercio tras a pandemia e a suba dos prezos
- As persoas consumidoras disporán dun bono desconto de 30 euros para as compras que realicen nos comercios adheridos
- Con esta iniciativa, de cuxa primeira convocatoria se beneficiaron máis de 230.000 clientes, búscase incrementar o fortalecemento deste sector

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, salientou hoxe que a segunda edición dos bonos Activa Comercio, unha iniciativa impulsada pola Xunta de Galicia co obxectivo de dinamizar e reactivar o sector comercial, permitirá mobilizar máis de 17 millóns de euros en compras e fomentar, deste xeito, o consumo no comercio de proximidade.

Mediante este programa impulsado pola Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación e que se porá en marcha nas próximas semanas tras ser abordado no Consello da Xunta, os clientes poderán acceder a un bono desconto por un valor de 30 euros para as compras nos comercios adheridos. Deste xeito, a Xunta reforza a súa aposta "por reactivar e dinamizar ao pequeno comercio, marcado primeiro pola pandemia" agora polo contexto económico de suba de prezos, explicou Rueda.

Os bonos terán formato dixital QR e estarán dispoñibles para a súa utilización nunha aplicación móbil. O importe irase reducindo en función do valor da compra. Así, ás compras iguais ou superiores a 20 euros e inferiores a 30 euros corresponderalle un desconto de 5 euros. A rebaixa será de 10 euros para as compras iguais ou superiores a 30 euros e inferiores a 50 euros. A partir desta cantidade, o desconto alcanzará os 15 euros. O período de validez dos bonos estenderase ata o 15 de decembro, salvo esgotamento previo do seu saldo.

Con esta iniciativa, de cuxa primeira edición se beneficiaron máis de 230.000 clientes, búscase continuar estimulando as vendas, sobre todo no pequeno comercio, e incrementar o fortalecemento e a reactivación económica do comercio retalista, contribuíndo a paliar o impacto da actual situación económica.

Cun orzamento que alcanza os 5 millóns de euros, este programa da Xunta súmase ás distintas liñas de axudas específicas para o comercio galego promovidas pola Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, centradas en

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

idos como a transformación dixital e a modernización do sector, así como para a dinamización e incentivación do consumo a través dos centros comerciais abertos e federacións de comerciantes e o impulso das prazas de abastos.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA DESTACA QUE A XUNTA RECIBIU 685 SOLICITUDES PARA OPTAR ÁS AXUDAS PARA A REPARACIÓN DOS DANOS CAUSADOS POLOS INCENDIOS DE XULLO POR UN IMPORTE DE MÁIS DE 4,7 M€**

- Recalca a axilidade do Goberno galego á hora de tramitar unhas axudas necesarias para os afectados, fronte ás convocadas polo Goberno central
- Destaca que os primeiros pagos, para os establecementos comerciais, industriais ou turísticos afectados, comezarán a realizarse nas vindeiras dúas semanas
- As solicitudes corresponden ás ordes para apoiar ás persoas e titulares que sufrisen danos en vivendas, terreos cinexéticos ordenados, infraestruturas de uso público en espazos protexidos, explotacións forestais, agrícolas ou gandeiras, establecementos comerciais, industriais, turísticos e mercantís, así como en apoio ás entidades locais
- Tamén se levarán a cabo actuacións para garantir a subministración de auga nos concellos afectados polos lumes en Folgoso do Courel, Quiroga e Oímbra, e disporanse barreiras para evitar arrastres nas zonas máis afectadas polo lume

O presidente do Goberno galego, Alfonso Rueda, destacou hoxe a aprobación por parte do Consello da Xunta de Galicia do acordo polo que se dá conta das axudas solicitadas ao abeiro do Decreto de medidas urxentes para a reparación de danos causados polos incendios que se produciron en Galicia durante o pasado mes de xullo. En total recibíronse de 685 solicitudes recibidas por importe de máis de 4,7 millóns de euros.

Rueda sinalou que o Goberno galego “salentou pola axilidade á hora de tramitar estas axudas” tan necesarias para os afectados, fronte ás convocadas por outras administracións. “O Executivo central anunciou hai tres semanas que algunhas das zonas afectadas polos incendios de Galicia terían a declaración de zona catastrófica pero desde entón nada se soubo”, indicou o presidente da Xunta.

Agora, as peticións están sendo obxecto de valoración por parte das consellerías correspondentes. Ademais, o acordo aprobado hoxe ordena o inicio dos trámites administrativos para o seu pagamento, de maneira que o prazo de pagamento estimado está previsto en todos os casos antes de fin de ano. Os primeiros en recibir as axudas serán os establecementos comerciais, industriais ou turísticos que tiveron danos polos lumes. “Hoxe mesmo activouse a orde de pago e recibirán as axudas nun prazo de 10 días ou días semanas”, destacou Rueda.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As solicitudes rexistradas, agregou o presidente, corresponden ás ordes de axudas destinadas á reparación de danos nas vivendas e no seu enxoval doméstico; nas explotacións forestais, agrícolas ou gandeiras, así como nos establecementos comerciais, industriais, turísticos e mercantís. Tamén se inclúen as subvencións dirixidas a titulares de infraestruturas de uso público do medio natural en espazos protexidos e aos de terreos cinxéticos ordenados (tecor), xunto co apoio prestado ás entidades locais afectadas.

### **Axudas por danos nas vivendas**

Canto ás vivendas, rexistráronse 20 solicitudes cunha valoración estimada de danos de máis de 1,75 millóns de euros no marco das axudas para propietarios ou usufrutuarios de vivendas afectadas polos lumes. Trátase dunha orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda que sufraga o 100 % do valor de reposición en caso de ruína da residencia habitual e de instalacións complementarias, e tamén ata ese máximo para cubrir os gastos de ser posible a reparación ou rehabilitación, sen que o importe poida superar os 122.400 euros. Para as residencias non habituais, a axuda pode abarcar os 61.200 euros, tanto no caso de determinarse a ruína como no de rehabilitación ou reparación.

Ademais, o dano no enxoval doméstico de vivendas ruinosas cóbrese cunha axuda do 100 % dos gastos de reposición cun límite de 15.000 euros, cando sexa habitual, e dun 50 % cun límite de 5.000 euros, cando sexa ocasional. Nos demais supostos, o importe é de ata o 100 % co límite de 7.000 euros ou do 50 % dos gastos de reparación ou reposición do enxoval, co límite de 3.000 €, en función de que o enxoval sexa o da vivenda habitual e permanente ou o da vivenda ocasional, respectivamente.

Tamén esta consellería rexistrou outras sete peticións de titulares de infraestruturas de uso público que suporán 202.394 euros. Corresponden a actuacións dos consellos ou montes veciñais de man común en zonas da rede galega de espazos protexidos e reservas de biosfera para a reposición ou reparación de elementos estruturais de rutas e sendas sinalizadas, instalacións de interpretación ou áreas recreativas no medio natural, no marco dunha convocatoria cunha achega máxima de 20.000 euros por solicitude. No caso dos concellos, poden presentar dous proxectos cunha contía máxima de 40.000 euros.

No caso das actuacións previstas nos tecor co fin de recuperar os hábitats cinxéticos e protexer os solos, contabilizáronse 11 solicitudes por unha contía de 173.691 euros.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Por outra banda, a Consellería do Medio Rural está a analizar as 639 peticións de axuda para a reposición de explotacións afectadas polo lume, que suman máis de 2,2 millóns de euros. En concreto, 566 dun montante próximo aos 1,6 millóns de euros para cubrir a reposición dos bens, equipamentos, maquinaria, medios de produción, producións e gando ou colmeas danados en explotacións agrícolas e gandeiras, así como a subministración de alimentación complementaria. No caso das subvencións para explotacións forestais, contabilizáronse 73 solicitudes para recibir subvencións por preto de 700.000 euros para, entre outros conceptos, a reposición das infraestruturas de titularidade privada en terreos forestais e o equipamento forestal danado.

### **Establecementos e outros espazos**

Pola súa banda, os establecementos comerciais, industriais, turísticos e mercantís teñen axudas por parte da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación polos danos ocasionados en edificacións, instalacións, maquinaria e mercadorías, así como nos vehículos afectos á actividade. Presentáronse tres solicitudes que pediron un apoio por un importe global de 106.274 euros.

### **Apoio ás entidades locais**

No decreto aprobado o pasado xullo, a Xunta de Galicia tamén estableceu axudas ás entidades locais a través da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, para cubrir os gastos derivados das actuacións desenvolvidas como consecuencia dos lumes e os danos causados nos bens de titularidade municipal. Nesta liña, propiciáronse convenios de colaboración coas demais administracións públicas e entidades colaboradoras para o cofinanciamento das accións precisas. Presentaron solicitudes a esta liña cinco concellos da comarca de Valdeorras e da zona do Courel, aos cales se destinarán 288.000 euros.

Cómpre engadir que a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, investirá arredor de 363.000 euros en actuacións para garantir o subministro de auga nos concellos afectados mediante contratos ou axudas ás entidades locais. Deste xeito, destinará 200.000 euros ás obras para garantir o abastecemento a núcleos de Folgoso do Courel; outros preto de 115.000 euros para reparar a acometida que subministra auga potable en Quiroga; e 48.000 euros para repoñer a estación de bombeo de auga de Oímbra, que tamén se veu afectada polo lume. A maiores destas actuacións, Augas de Galicia investiu máis de 12.000 euros nos traballos de disposición de barreiras para evitar arrastres nas zonas máis afectadas polo lume, concretamente nas contornas do rego de Castelo e do rego das Lobeiras, no concello de Ribeira.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **O CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA DÁLLE O VISTO E PRACE AO INVESTIMENTO DE 200.000 € NAS OBRAS DE EMERXENCIA PARA A RECONSTRUCCIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ABASTECIMENTO DE FOLGOSO DO COUREL**

- Rehabilitaranse as infraestruturas de abastecemento inhabilitadas polos lumes do verán nos núcleos de Folgoso, Mazo de Santigoso, A Campa, Vilar, Vidallón e Vilamor
- Os traballos atópanse en execución e estarán rematados a principios de decembro
- As obras inclúen a recuperación das captacións, a instalación de depósitos prefabricados e a reposición de conducións e arquetas, así como a instalación de varias bocas de incendio
- Esta intervención enmárcase no traballo da Xunta de Galicia para acompañar e axudar os veciños afectados polos lumes, a través das diferentes liñas activadas polo Goberno autonómico
- A Xunta promove actuacións de reposición das instalacións de abastecemento tamén en Quiroga e en Oímbra

O Consello da Xunta abordou hoxe a declaración de emerxencia para a execución das obras necesarias de reconstrución das instalacións de abastecemento no concello de Folgoso do Courel, que suporán un investimento de 200.000 euros.

Co obxectivo de garantir o abastecemento á poboación deste municipio lucense, a Xunta axilizou os trámites previos obrigados para acometer as actuacións de rehabilitación dos sistemas de abastecemento aos núcleos de Folgoso, Mazo de Santigoso, A Campa, Vilar, Vidallón e Vilamor.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, asinou o pasado 8 de agosto a contratación de emerxencia das obras hidráulicas destinadas a recuperar varias instalacións de abastecemento nos núcleos deste municipio afectados polos incendios do verán no Courel.

A entidade hidráulica da Xunta está xa a executar estas obras coa previsión de rematalas a principios de decembro.

Deste xeito, os traballos inclúen a recuperación das captacións afectadas, a instalación de depósitos prefabricados e a reposición de conducións e arquetas, así como a instalación de varias bocas de incendio.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Augas de Galicia tamén levará a cabo a reposición e execución das bocas de incendio precisas para dispoñer de elementos de apoio na extinción de lumes.

Esta intervención de Augas de Galicia enmárcase no traballo da Xunta de Galicia para acompañar e axudar os veciños afectados polos lumes, a través das diferentes liñas activadas polo Goberno autonómico.

A Xunta promove actuacións de reposición das instalacións de abastecemento tamén nos municipios de Quiroga e de Oímbra.

Imaxe dos traballos en execución:




COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Mapa das zonas de traballo:



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)